



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: EMENDA DOCUMENTACIÓN PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE (42) PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR (PERSOAL LABORAL FIXO), MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025

EXPEDIENTE: 2026/G003/000120 **EXPEDIENTE DE ORIXE:** 2025/E001/0 00006

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, D. Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Polo que respecta a cláusula III.5 das bases que rexen o PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE (42) PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR (PERSOAL LABORAL FIXO), MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025, atendendo a complexidade da documentación para emendar as deficiencias detectadas na lista provisional, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considerase necesario **ampliar o prazo de emenda de solicitudes de 2 a 10 días hábiles.**

Tendo en conta que o prazo de emenda comezou o día 24.02.2026 transcorrendo os dous días establecidos nas bases, compre ampliar, dende o día seguinte a da publicación desta resolución 8 días hábiles, isto é ata o día 11.03.2026.

De conformidade co disposto polo art.14 dos estatutos deste Consorcio en relación co art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, arts. 61.1 Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes que foran de aplicación, mediante o presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo de emenda de solicitudes de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación desta resolución 8 días hábiles, isto é ata o día 11.03.2026.

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución.

En Carballo, na data da sinatura dixital

A presidente
Asdo: Valentín González Formoso

A secretaria interventora
María Graciela Riveiro Moreira